

Prezadas familias: Pola presente queremos informarvos que foi concedida ao Colexio Franciscanos de Lugo, unha importante subvención para a dotación de 22 aulas dixitais no noso centro., cofinanciadas polo **fondo europeo relativo aos Mecanismos de recuperación e resiliencia da Unión Europea, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, apoiado pola Xunta de Galicia.**

Esta axuda foi investida nos seguintes equipamentos en cada unha das 22 aulas, substituíndo así aos dispositivos que xa tiñan:

- 1 Panel interactivo Smart
- 1 Ordenador portátil i5

Os obxectivos a acadar ca implantación das aulas dixitais son:

- Acadar un óptimo rendemento e axilidade no emprego das distintas ferramentas didácticas.
- Ampliar a vida operativa da aula grazas a renovación de equipos informáticos e de visualización, o que favorece unha óptima visibilidade.
- Garantir a utilización de metodoloxías innovadoras favorecidas pola utilización de equipos preparados para incorporar os últimos avances dispoñibles.
- Mellorar a aprendizaxe competencial e a formación en cultura dixital.
- Favorecer no alumnado o desenvolvemento dunha actitude crítica e responsable no uso das tecnoloxías.
- Usar o panel interactivo para a presentación e análise conxunta de traballos do alumnado.
- Sacar o máximo partido ao emprego dos dispositivos Chromebook que poderán conectarse aos paneis interactivos de forma inmediata para compartir contidos.
- Desenvolver a creatividade, a innovación e o emprendemento.
- Ofrecer contidos máis ricos e temáticas innovadoras: robótica, sostenibilidade, aprendizaxes STEM, así como acercar virtualmente a cultura á aula.
- Traballar na edición de contidos dixitais.
- Preparar ao alumnado para entornos académicos e profesionais tecnolóxicos e dixitalizados
- Axilizar o acceso a información, o que vai facilitar a multidisciplinariedade nas diferentes áreas.
- Desenvolver unha mellor capacitación da competencia dixital tanto no alumnado como no profesorado.

- Adquirir estratexias que permitan ao alumnado saber utilizar as tecnoloxías para a aprendizaxe e a comunicación, profundizando na comprensión dos contidos dixitais.

O noso colexio, atópase nun proceso de aposta decidida polo emprego das novas tecnoloxías en convivencia con outras metodoloxías educativas convencionáis. Dende o presente curso 22-23, está en marcha o **Proxecto de dixitalización do centro**, que consiste na implantación dun programa de aprendizaxe con dispositivos e licencias dixitais.

O investimento realizado supón un notable avance para a mellora dos procesos de ensino-aprendizaxe do centro. Dende aquí, o noso agradecemento a todos os organismos que posibilitaron estas axudas. Esperamos que sigan apostando pola transformación dixital nos centros educativos.